

As organizacións que forman parte da **Rede Social Galicia Sur** e que apoian esta iniciativa, son:

Amarante, Aida, Axuda en Acción, Cáritas Diocesana de Tui-Vigo, Comité Oscar Romero, Dar Máis, Educación Sen fronteiras, Emaús Fundación Social, Entreculturas, Enxeñería sen fronteiras, Fundación Balms, Fundación Jóvenes y Desarrollo, Fundación Proclade, Fundación Secretariado Xitano, Programas de saúde e convivencia da UAD do Concello de Vigo, Implicad@s no desenvolvemento, Intermón Oxfam, Médicos do Mundo, MunDos Cooperativa de Comercio Xusto, Seminario Galego de Educación para a Paz, Solidariedade Internacional, Solidarios para o desenvolvemento, Taller de Solidariedade e Verdegaia.

#### **Ademais apoian e se adhiren a esta iniciativa:**

Asoc. Integración Galego-Brasileira, Asoc. Plataforma polo Emprego, ASVIDAL, Colexio de Educadoras e Educadores de Galicia (CEESG), Foro Galego de Inmigración, Fundación Aldaba.

Ante o cruce de manifestacións e diversas consideracións realizadas nas últimas semanas dende distintos órganos e entidades públicas e privadas, **CONSIDERAMOS** que existe un proxecto formulado pola Xunta de Galicia para a apertura dun Centro de Inclusión Social en Vigo cujas obras de acondicionamento foron xa iniciadas no citado edificio e que é un proxecto enmarcado na Rede de Centros de Inclusión Social que contempla o II Plan Galego de Inclusión Social (2007-2013) en resposta ás necesidades das persoas sen fogar e as situacións de emerxencia e pobreza severa.

#### **Qué facemos hoxe aquí?**

Esixirlle e **LEMBRARLLE** á Xunta de Galicia a apertura inmediata do Centro de Inclusión Social e albergue público, un proxecto enmarcado na Rede de Centros de Inclusión Social que contempla o II Plan Galego de Inclusión Social (2007-2013) en resposta ás necesidades das persoas sen fogar e as situacións de emerxencia e pobreza severa nas que calquera persoa pode atoparse nun determinado momento da súa vida. **QUEREMOS UNHA APERTURA INMEDIATA e INAPRAZABLE.** Non máis dilacións

#### **A que nos referimos o falar de Centro de Inclusión Social e albergue público?**

Trátase dun recurso básico de intervención que facilite a intervención sociosanitaria básica cara a integración do colectivo de persoas sen fogar e en xeral para a cidadanía que nun momento determinado pode atoparse en situación ou risco de exclusión social.

#### **porque?**

- o Porque Vigo precisa dun dispositivo público que cubra as necesidades urxentes da cidadanía nunha situación de crise e máis aínda das persoas que se atopan nunha situación de vulnerabilidade e exclusión social.
- o Porque máis de 400 persoas da cidade de Vigo mal vive/mal morre na rúa debido as carencias económicas, sociais e de saúde xa que non existe ningún centro que cubra as necesidades urxentes de apoios residenciais.
- o Porque Vigo carece de recursos de carácter público para atender ás necesidades das persoas sen fogar.
- o Porque ademáis existe unha carencia alarmante de recursos de acollida urxente de tipo residencial, ben públicos ou privados, adicados a mulleres: unha muller que se atopa nunha situación de emerxencia e que careza de domicilio ata que recupere a súa estabilidade económica e sociosanitaria non ten onde acudir (sempre están os servicios sociais pero non sempre hai unha resposta inmediata). **A MULLER SEMPRE É DOBREMENTE EXCLUIDA.**

- o Porque no que vai de ano 14 persoas faleceron na rúa. **EN PLENO SECULO XXI a XENTE MALMORRE NA RÚA NA NOSA CIDADE.**
- o Porque en Vigo existen equipos de educadores de rúa que constatan a diario en coordinación cos servizos sociais municipais carencias de infraestructuras básicas de urxencia, con criterios profesionais de intervención: **HAI DEMANDA E A XENTE PIDE AXUDA.**
- o Porque onde imos ir se a actual situación de crise económica nos deixa na rúa a calquera?

## Qué reclamamos?

- o Que a este proxecto non se lle poñan máis trabas administrativas porque non podemos permitir que se siga a negociar coa pobreza.
- o Que a ubicación do Centro de Inclusión Social e Albergue Público no edificio da “Gota de Leite” sexa un proxecto de cidade independentemente de quen o lidere ou xestione, que sexa un proxecto prioritario e urxente e que, para iso, conte con suficientes orzamentos.
- o Que co cambio de goberno na Xunta de Galicia as promesas realizadas no queden en saco roto nin se alonguen aínda máis os prazos para a apertura.
- o A súa apertura inmediata sen máis dilacións.

## Porqué no edificio da Gota de Leite?

Porque a cidade de Vigo dispón dunha oportunidade inmejorable para atender esta demanda histórica e urxente neste lugar: pola súa capacidade, polo espazo dispoñible, pola proximidade aos recursos normalizados, por ubicación e polas súas instalacións. Dende a Rede Social Galicia Sur consideramos que o proxecto que se pretende ubicar neste edificio é a opción máis factible, con menor custo e de posta en marcha máis sinxela e rápida, que atenderá con mellor calidade ás necesidades das persoas que se atopan sen fogar.

## Aturuxos:

NON MAIS MORTES, ALBERGUE XA!  
 OS SEN TEITO TEMOS DEREITOS!!  
 NON MAIS CARTON, SI O COLCHON!  
 GALICIA SOLUCIONA OS PROBLEMAS QUE TEMOS!  
 NINGUNHA PERSOA DURMINDO NA RUA  
 NIN UNHA MULLER DURMINDO NA RUA